



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 17 DE XULLO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Proxecto de Lei de turismo de Galicia

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Proxecto de Lei de vivenda de Galicia

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Ordes (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Ordes (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Foz (Lugo)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello dos Blancos (Ourense)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello dos Blancos (Ourense)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Xunqueira de Espadañedo (Ourense)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Forcarei (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Forcarei (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello da Illa de Arousa (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello da Illa de Arousa (Pontevedra)



## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se autoriza a implantación de ensinanzas universitarias oficiais de grao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2008/2009
- Decreto polo que se crea o Centro de Educación Especial de Panxón, no concello de Nigrán, para a atención específica de alumnado con trastornos de conduta

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias
- Decreto polo que se modifica o nome do Complexo Hospitalario Juan Canalejo polo de Complexo Hospitalario Universitario A Coruña

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Decreto polo que se ditan normas relativas ao funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais derivadas da entrada en vigor da Lei 5/2008, do 23 de maio, polo que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que a Xunta de Galicia, mediante este escrito, formula ao Goberno requirimento de incompetencia, ao abeiro do artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, contra a Resolución do 29 de abril de 2008, do Instituto da Muller, pola que se convoca a edición das subvencións ao emprego “Emprender en feminino” do ano 2008, para fomentar a inserción laboral por conta propia das mulleres
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos para o financiamento das Aulas da Terceira Idade

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a Universidade de Santiago de Compostela para o apoio académico e institucional ao programa de doutoramento en economía da Universidade de La Habana (Cuba)



## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Dirección Xeral do Instituto Nacional do Ministerio de Fomento e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia para a realización da cobertura da fotografía aérea, ortofotografía dixital de alta resolución e modelo dixital do terreo da Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello do Barco de Valdeorras para o financiamento das actuacións de terminación do acondicionamento do Paseo do Malecón
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña para a execución da urbanización da rúa Barcelona e o seu ámbito
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Carballeda de Avia para o financiamento das actuacións de urbanización da Finca Seara

## **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto da liña de alta tensión 66 KV Mazaricos-Muros sobre a dos montes veciñais en man común Manda, Paxareiras e Recarea, Suevos, Vistavós, Cornes, Torea, Figueroa, San Xián de Torea, Eiroa e Serres, promovido por Unión Fenosa Distribución, SA

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional 5ª ao concerto suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridade de Ferrol, de que depende o Hospital Juan Cardona, pola que se fixa a actividade sanitaria para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello do Carballiño
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña



- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Boqueixón
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cangas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Carballo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Catoira
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Fene
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ferrol
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Mancomunidade de Val Miñor
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Marín
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello do Barco de Valdeorras
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a



Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Mancomunidade de Concellos do Carballiño

- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello do Porriño
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontedeume
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontevedra
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Redondela
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Rianxo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ribadeo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ribeira
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Santiago de Compostela
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o organismo autónomo Terra de Sanxenxo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Sarria



- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Tui
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello do Grove
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilalba
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilagarcía de Arousa
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ourense
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ordes
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Noia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cuntis
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Estrada
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontearreas



- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Monforte de Lemos
- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo

### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Instituto Español de Oceanografía para a realización do proxecto de investigación Captación, preengorde e cultivo de volandeira e vieira

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Amoeiro, para a construción dun edificio bioclimático e unha aula de comprensión da natureza
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza para a dotación de medios de recollida de residuos sólidos urbanos
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Fundación Rof-Codina para a prestación dun servizo ambulante clínico veterinario para animais aloxados nos centros de recollida

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se procede á aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial da Laracha, no concello de Laracha (A Coruña) e o correspondente proxecto de obras públicas

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da Memoria de actividades do Consello Consultivo de Galicia, correspondente ao ano 2007, segundo o establecido no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE TURISMO, QUE IMPULSA A PROFESIONALIZACIÓN DO SECTOR E APOSTA POLO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SUSTENTABLE E DE CALIDADE

- *A nova normativa de turismo reconece por primeira vez o carácter estratéxico do sector e establece novos eidos para a cooperación interadministrativa e coa iniciativa privada*
- *O texto aposta pola proxección interior e exterior de Galicia como marca turística global e de calidade que integra e respecta as demais marcas turísticas galegas*
- *Establécese un catálogo de dereitos e obrigas dos usuarios turísticos e estipúlase que deben ser as administracións públicas competentes as que velen polo seu respecto e cumprimento*
- *Actualízase a clasificación das empresas de aloxamento turístico, poténciase o espazo rural e flexibilízase as categorías de empresas turísticas, coa fin de abrir a porta a novas realidades ao tempo que se suprimen algunhas categorías ata o de agora existentes*
- *Créase o Consello Regulador do Turismo, órgano consultivo encargado de colaborar coa Xunta para garantir o cumprimento da normativa aplicable en materia de turismo, así como na ordenación, fomento e control da calidade dos establecementos e servizos do sector*
- *O proxecto de lei crea a Rede Galega de Oficinas de Turismo e introduce unha referencia específica ás comunidades galegas no exterior, coas que se poderán acadar acordos en materia turística*
- *A norma promove unha política de recursos humanos que aposte decididamente pola formación dos traballadores e pola extensión no uso das novas tecnoloxías e dos idiomas*
- *O novo texto busca desestacionalizar e diversificar a oferta turística potenciando os diversos tipos de turismo existentes en Galicia, como o rural, o cultural, o de convencións, o náutico, o termal ou o gastronómico entre outros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de Lei de turismo de Galicia, unha norma que reconece por vez primeira o carácter estratéxico do sector, impulsa a súa profesionalización e autorregulación e aposta por un desenvolvemento turístico sustentable e de calidade, establecendo novos eidos para a cooperación interadministrativa e coa iniciativa privada.

O proxecto de lei responde á necesidade dun marco regulador do turismo que propicie a creación dun contorno competitivo que favoreza a actividade empresarial e a creación de emprego. A protección dos usuarios e dos recursos turísticos tamén se considera esencial no novo texto legal.

Deste xeito, o proxecto de lei pretende a promoción dun turismo sustentable, no que se integren a visión territorial, a ambiental, a cultural e a estritamente empresarial, na que se





acade a maior rendibilidade económica, pero tamén social, protexendo os recursos especialmente significativos polos seus valores ambientais, culturais ou paisaxísticos.

O proxecto de lei recibiu informes favorables para a súa aprobación por parte do sector público, do privado e das entidades locais. Promove unha política de recursos humanos que aposte decididamente pola formación dos traballadores e pola extensión no uso das novas tecnoloxías e dos idiomas. Pretende un impulso do turismo mediante a revitalización de costumes, festas e tradicións populares e persegue a promoción e o estímulo dun sector turístico galego competitivo e de calidade. Velar por que as clasificacións dos establecementos turísticos se adecuen á realidade económica e social e aos niveis de calidade exigibles é unha das premisas do novo proxecto de lei.

### **Principios da nova lei**

Entre os principios que inspiran a nova norma está a adecuación desta ao contexto internacional sobre o sector e, particularmente, á Comunicación da Comisión Europea do 17 de marzo de 2006 na cal se recoñece o potencial do turismo para xerar emprego e crecemento económico e o seu papel na preservación do patrimonio natural e cultural, así como a súa contribución ao diálogo intercultural e ao fortalecemento da propia identidade.

Doutra parte, o proxecto de lei persegue afondar nun desenvolvemento turístico sustentable e que garanta o emprego. O turismo de calidade é, segundo o novo documento, a única posibilidade de conseguir ganancias estables de competitividade no sector, de xeito que se acade unha mellora da produtividade, e non pola artificial redución dos prezos. Promover os valores e recursos propios, como elemento diferenciador da oferta turística e afondar na cooperación interadministrativa e co sector privado son outros dos principios inspiradores do texto. Así mesmo, promove a actualización da clasificación dos establecementos turísticos e a súa adecuación ás demandas do mercado, potencia o espazo rural e flexibiliza as categorías de empresas turísticas, co fin de abrir a porta a novas realidades.

### **Novidades da lei**

O proxecto de lei fai fincapé na adaptación da lexislación á realidade social imperante e impulsa a profesionalización e autorregulación do sector, pero respectando e garantindo os valores propios da cultura e da identidade galegas, e promocionando Galicia como marca turística de calidade.

Outra das novidades incorporadas é a creación dun órgano consultivo encargado de colaborar coa consellería competente para garantir o cumprimento da normativa aplicable en materia de turismo, así como na ordenación, fomento e control da calidade dos establecementos e servizos do sector. A lei establece que no prazo dun ano a partir da súa entrada en vigor se constituirá o Consello Regulador do Turismo. Este pretende converterse no órgano de participación do sector na toma de decisións en materia de turismo, xa que neste órgano estarán representadas as asociacións máis representativas das empresas e dos profesionais do sector turístico, sendo un aspecto innovador e reinventándose o seu sentido estrito.



A ordenación da oferta turística e a referencia ás profesións e á disciplina turística (inspección e réxime sancionador) son outros dos puntos que aborda o novo borrador. Neste último aspecto salienta a actualización do importe das sancións e a tipificación dunha nova infracción como moi grave: a vulneración do dereito á intimidade dos clientes nos establecementos turísticos.

Outros aspectos novidosos da norma son a creación dunha Rede Galega de Oficinas de Turismo e a referencia específica ás comunidades galegas no exterior, coas que se afirma que se poderán acadar acordos en materia turística. Terase en conta a utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes na publicidade das accións subvencionadas, especialmente na internet.

A estratexia é plenamente coherente coa posta en valor da cultura e identidade propias, preservación do patrimonio histórico-artístico, a lingua, a gastronomía, a artesanía e todos aqueles aspectos que nos caracterizan e distinguen doutros territorios.

### **Estruturação da lei**

A nova lei estrutúrase nun preámbulo, dez títulos que comprenden 85 artigos e dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título I define o obxecto e fins da lei e o seu ámbito de aplicación. Preténdese adaptar a lexislación á realidade social imperante nun dos sectores económicos de maior importancia da nosa comunidade, impulsando a profesionalización e autorregulación do sector, pero respectando e garantindo os valores propios da cultura e da identidade galega e promocionando Galicia como marca turística de calidade.

O título II establece a delimitación das competencias en materia de turismo, diferenciando as que corresponden ás distintas administracións e, de ser o caso, organismos autónomos, entidades de dereito público e empresas públicas. Esta regulación establece un soporte institucional que garante a eficacia no exercicio das competencias e a colaboración e coordinación entre as instancias que as teñan atribuídas.

A través deste título, incorpórase o Consello Regulador do Turismo de Galicia. Tamén se recolle neste segundo título a Rede de Oficinas de Turismo e a posibilidade de subscribir acordos entre a Xunta e as entidades representativas das comunidades galegas no exterior.

### **Dereitos e deberes dos usuarios turísticos**

O título III está dedicado aos usuarios turísticos. A lei, que os define como as persoas que utilizan ou reciben un servizo ou ben turístico como destinatarios finais, recolle un catálogo de dereitos e obrigas, e establece que deben ser as administracións públicas competentes as que velen polo seu respecto e cumprimento.



No título IV afróntase a ordenación da actividade turística, fixando conceptos esenciais para levala a cabo, como son os recursos de interese turístico, entre os que se citan expresamente o Camiño de Santiago e o conxunto do litoral galego, ou os territorios de preferente actuación turística. Así mesmo, establécese que a Administración deberá procurar a mellora da calidade dos servizos turísticos a través da posta en marcha das actuacións pertinentes ao respecto e tendo en conta as implicacións urbanísticas que poidan supoñer as actuacións turísticas.

Neste título tamén se estipula que na promoción dos recursos turísticos se promoverá a proxección interior e exterior de Galicia como marca turística e global de calidade. Ademais, contense a regulación dos concellos turísticos, fixando as condicións necesarias para obter esta denominación e os servizos que deberán prestarse neles.

### **Ordenación da oferta**

O título V aborda a ordenación da oferta turística. O proxecto de lei pretende configurar o marco xurídico dos servizos e establecementos turísticos e fixar as condicións básicas que deben reunir para respectar e protexer non só o medio, a paisaxe e a cultura galegas, senón tamén os dereitos e a dignidade das persoas que reciben estes servizos, sen que en ningún caso se vexa limitada a súa liberdade de empresa e tratando de protexerse contra o intrusismo profesional. O texto estipula o conxunto de dereitos o obrigas correspondentes ás empresas turísticas, definidas como as persoas físicas ou xurídicas que, de xeito habitual e con ánimo de lucro, prestan servizos no ámbito da actividade turística.

O proxecto de lei considera como establecementos turísticos os de aloxamento, restauración, intermediación e os complexos turísticos, se ben tamén recoñece o carácter turístico de determinadas actividades complementarias, tales como salas de festas, campos de golf, actividades deportivas, balnearios...

Entre os requisitos exixidos para a realización da actividade turística, destaca a exixencia de autorización turística previa e a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, que segundo os casos será obrigatoria ou potestativa.

Neste mesmo título, régulanse as empresas de aloxamento turístico, establecendo unha clasificación aberta que permite fixar regulamentariamente establecementos non previstos na lei. Neste proxecto legal suprimíronse categorías ata agora existentes, pero de pouca virtualidade práctica na nosa comunidade, coma eran os aloxamentos en réxime de aproveitamento por quendas.

Por outra banda, preténdese impulsar o turismo rural e o agroturismo, distinguindo dentro desta categoría hoteis rurais e casas de aldea, e permitindo a incorporación por vía regulamentaria doutras categorías.



En canto ás empresas de restauración, pasan a dividirse en dous grupos -restaurantes e bares-cafeterías - fixándose regulamentariamente o seu concepto e categorías.

No capítulo dedicado ás empresas de intermediación, recóllense as axencias de viaxe e centrais de reservas, incluídas as que operan a través da internet. Faise referencia tamén aos complexos turísticos, figura non prevista na normativa anterior, pero da que a realidade impón a súa incorporación.

### **Servizos complementarios**

O título VI contén a ordenación das empresas e actividades de servizos complementarios, aquelas que non sendo estritamente turísticas, inciden de xeito relevante no ámbito turístico, como por exemplo empresas dedicadas a espectáculos e actividades recreativas, actividades de aventura ou natureza, deportivas, de transporte turístico ou parques acuáticos, entre outras.

Un dos obxectivos da lei é impulsar a profesionalización do sector, motivo polo que no título VI se fai referencia ás profesións turísticas, especialmente aos guías turísticos, sendo obxecto de fixación regulamentaria as condicións de acceso, ámbito de actuación e demais requisitos precisos para o exercicio desta profesión.

### **Promoción e fomento do turismo**

No título VIII recóllense as medidas para a promoción e fomento do turismo. O proxecto de lei busca un impulso do turismo mediante a revitalización de costumes, festas e tradicións populares, incluso declarando algunhas como festas de interese turístico nacional galego.

Tamén se busca desestacionalizar e diversificar a oferta turística potenciando os diversos tipos de turismo existentes na nosa terra: o rural e de interior, o de costa, o cultural, o de convencións e congresos, o náutico, o termal, ou o gastronómico, entre outros. Así mesmo, fomentárase a modernización e profesionalización do sector e das súas infraestruturas, estimulando a mellora da calidade e da competitividade da oferta turística.

Esta actividade de fomento reforzarase sobre todo a través de campañas de promoción e mediante a concesión de subvencións e axudas, pero tamén se considera importante a formación continúa dos traballadores do sector, polo que se impulsará a subscrición de acordos e convenios coas universidades para a elaboración de programas e planos de estudos en materia turística.

### **Disciplina turística**

O título IX actualiza a normativa existente sobre disciplina turística, facendo referencia por unha parte á inspección turística e por outra ao réxime sancionador. O obxectivo que se persegue é a consecución da máxima eficacia e respecto á legalidade vixente, así como a máis escrupulosa garantía dos dereitos dos administrados. Como novidades máis salientables, ademais da actualización dos importes das sancións, homoxenízase o



prazo de prescrición das infraccións e sancións e fíxase unha nova infracción moi grave, a vulneración do dereito á intimidade dos clientes.

Deste xeito, establécese que as infraccións leves poderán sancionarse con multa de entre 300 e 900 euros. As infraccións graves, con multa de entre 901 e 9.000 euros. As infraccións moi graves, con multas de entre 9.001 ata 90.000 euros. Así mesmo, en determinados supostos poderán impoñerse sancións accesorias ás multas como a suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional, a clausura definitiva do establecemento ou revogación do título administrativo habilitante para o exercicio da actividade; ou a perda da posibilidade de obter subvencións e outras axudas económicas da Administración durante un prazo de ata cinco anos.

No título X regúlase a mediación como fórmula de resolución de conflitos que poidan xurdir en materias reguladas no proxecto de lei, podendo crear a Administración da Comunidade Autónoma mecanismos de mediación de conformidade co establecido na lexislación vixente sobre a materia.

A norma conclúe coa articulación dun réxime de dereito transitorio respectuoso cos dereitos adquiridos polos afectados pola promulgación da nova lei. Deste xeito, os concellos que no momento da entrada en vigor do actual proxecto normativo tivesen acadado a cualificación de concellos turísticos manterana sempre e cando cumpran os requisitos previstos nela.

A lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## O GOBERNO GALEGO APROBA A LEI DE VIVENDA DE GALICIA, QUE PRETENDE DAR EFECTIVIDADE AO DEREITO CONSTITUCIONAL A UNHA VIVENDA DIGNA

- *O texto constitúe un auténtico código do dereito á vivenda de Galicia, unha Lei integral que substitúe un corpus normativo fragmentario, disperso e insuficiente fronte as demandas da sociedade actual*
- *A lei establece o deber do propietario de conservar a vivenda en condicións de habitabilidade e recolle que, de non ser así, e se o concello non actuase, a Xunta poderá expropiar e rehabilitar os edificios baleiros e en ruínas, que se destinarán a aluguer subvencionado*
- *O propietario ten, antes desta actuación, alternativas como axudas a fondo perdido ou que a rehabilitación corra a cargo da Administración a cambio de dispor do inmovible o tempo suficiente para recuperar o 70% do investimento público*
- *A Lei de vivenda de Galicia crea unha liña de subvencións, o Fondo Social da Vivenda, para a actualización das rendas antigas*
- *A norma regula, por primeira vez, con rango de lei, o réxime xurídico das vivendas protexidas, aclara a confusa tipoloxía existente e regula o acceso a estas vivendas baixo os parámetros de transparencia e igualdade de oportunidades*
- *Con este texto, a Xunta aposta pola creación dun parque estable de vivendas protexidas e inclúe por primeira vez núcleos tradicionais de costa e do interior, e inmobles de valor arquitectónico para ofertar en aluguer subvencionado*
- *A Lei de vivenda aumenta as garantías na venda de vivendas en proxecto ou construción*
- *Calquera cidadán poderá consultar a solvencia das entidades dedicadas á promoción inmobiliaria a través do Rexistro de Axentes Promotores de Galicia*
- *A norma incrementa as sancións por faltas graves ou moi graves, aumento que persegue un efecto disuasorio que a normativa anterior non conseguía*
- *O texto inclúe unha modificación da Lei de Administración local, que expresa que os cargos representativos dos concellos non poden valerse do seu cargo en beneficio propio ou de terceiras persoas*

O Goberno galego aprobou hoxe o proxecto de Lei de vivenda de Galicia, un texto que pretende dar efectividade ao dereito constitucional a unha vivenda digna. A norma autorizada hoxe polo Consello da Xunta pecha, ademais, un rigoroso marco normativo en materia de vivenda desenvolvido polo Goberno galego nesta lexislatura e que substitúe un corpus normativo fragmentario, disperso e manifestamente inadecuado ás necesidades dunha sociedade cada vez máis exixente.



A Lei de vivenda de Galicia está estruturada en 5 títulos principais, un preliminar e 119 artigos e ten un carácter marcadamente social. Constitúe un auténtico código do dereito á vivenda de Galicia, un texto normativo integral que pretende regular o dereito á vivenda desde o momento en que existe só en condicións de ser edificada ata que a vivenda deixa de existir.

### **A obriga de conservar a vivenda**

O título I do texto regula o “estatuto galego da vivenda”, co que se pretende sistematizar e elevar a rango de lei o disperso réxime xurídico da construción e utilización das vivendas. Sobre a construción, a norma clarifica as atribucións e responsabilidades dos axentes implicados nas diversas fases da edificación e fai fronte aos baleiros legais existentes. Neste sentido, é destacable a importancia que adquire a licenza de primeira ocupación, que se converte en eixe do control da calidade das edificacións.

Sobre a utilización das vivendas, a lei establece o deber do propietario de conservar a vivenda en condicións de habitabilidade. De non ser así, e se o concello tampouco actuase, a norma permitirá ao Goberno galego actuar por substitución a través da expropiación e a rehabilitación dos edificios baleiros e en ruínas, que se destinarán a aluguer subvencionado.

Antes desta posibilidade, o propietario ten moitas alternativas en forma de axudas a fondo perdido e, incluso, que a rehabilitación corra a cargo da Administración a cambio de dispor do inmovible o tempo suficiente para recuperar o 70% do investimento público. Esta medida trata de impedir a degradación das rúas ou barrios en que existen edificios abandonados.

Ademais, e para loitar contra posibles casos de acoso inmobiliario, a Lei de vivenda recolle a posibilidade de pór en marcha liñas de subvención para a actualización das rendas antigas, garantíndolles aos inquilinos o dereito de retorno ás vivendas rehabilitadas. Neste sentido, créase o Fondo Social da Vivenda, cuxos orzamentos cubrirán esta liña de actuación, que terá en conta os ingresos do inquilino.

### **A vivenda protexida, por primeira vez, con rango de lei**

Unha das principais novidades do texto é que estipula, por primeira vez, con rango de lei o réxime xurídico das vivendas protexidas, ordenadas ata agora por normas de carácter regulamentario, algunhas delas preconstitucionais. Así, o título II da lei aclara a confusa tipoloxía existente, regula os tipos de promoción destas vivendas, establece o procedemento de cualificación e descualificación, e regula o acceso ás vivendas protexidas baixo os parámetros de transparencia e de igualdade de oportunidades.

A norma, que unifica o réxime xurídico de toda a vivenda protexida, incrementa a superficie de 120 a 140 metros cadrados para poder ser cualificada como vivenda protexida e permite a compatibilidade do uso da vivenda con albergar actividade profesional, unha demanda da sociedade actual.



Ademais, a través deste texto, a Xunta aposta pola creación dun parque de vivendas protexidas estable e reforza as posibilidades de actuar a través de rehabilitación, incluíndo por primeira vez núcleos tradicionais de costa e do interior ou inmobles de valor arquitectónico para ofertar en aluguer subvencionado.

### **Axudas que garantan o acceso a unha vivenda**

O título III da Lei de vivenda de Galicia está dedicado ás políticas de fomento do dereito á vivenda. Así, para a consecución deste obxectivo regúlanse medidas de financiamento a través de préstamos cualificados e descontos bancarios de certificacións de obra, axudas económicas directas, subvencións a fondo perdido, subsidiacións totais ou parciais do tipo do xuro dos préstamos cualificados, operacións de desconto de certificacións de obra, subsidiacións de préstamos non cualificados e calquera outra medida económica ou financeira que contribúa a facilitar o financiamento do custo da vivenda.

O fomento do aluguer pasa a ter rango de lei, co obxectivo de potenciar esta modalidade de acceso á vivenda e mobilizar o importante parque de vivenda baleira de Galicia. Tamén neste caso, os propietarios con inmobles baleiros e deteriorados que non poidan abordar o deber de conservación poden optar por cederllo á Xunta durante o tempo necesario para recuperar o 70% do investimento e, despois, recibir o inmovible rehabilitado.

### **Máis garantías na venda de vivendas en proxecto**

O título IV do texto persegue a protección dos adquirentes e usuarios das vivendas, e nel regúlase a publicidade e a información na oferta de venda e aluguer, as condicións de venda de vivendas en proxecto e das rematadas, ademais do arrendamento de vivendas.

Así, establécese o deber de informar por escrito das características das vivendas antes da formalización dos contratos, coa posibilidade de que o adquirente acceda á documentación xustificativa se así o require. Ademais, a venda das vivendas en proxecto ou construción rodéase de garantías, regulándose os requisitos previos que son exixibles ao promotor, o contido do contrato de compravenda, a forma de pagamento das cantidades anticipadas e as garantías da súa devolución de non chegarse á adquisición da vivenda proxectada. Na venda das vivendas rematadas faise especial fincapé na documentación que debe recibir o comprador.

O arrendamento de vivendas tamén está suxeito ao cumprimento de requisitos previos, en concreto á existencia de licenza de primeira ocupación e á cualificación definitiva no caso da vivenda protexida. O texto recolle unha nova regulación, máis sinxela, do depósito das fianzas e establece, por último, a posibilidade de someter as reclamacións ao sistema arbitral de resolución de conflitos.

Outro dos aspectos do novo texto lexislativo que persegue dar maior transparencia ao mercado inmobiliario é a creación do *Rexistro de Axentes Promotores de Galicia*, para que calquera cidadán consulte a solvencia económica, financeira e técnica, as resolucións e sancións de calquera entidade dedicada á promoción inmobiliaria.





### **Loita contra a fraude**

O título V do texto recolle o réxime de inspección en materia de vivenda e a regulación de sancións e infraccións. Así, na loita contra a fraude, incrementáanse as sancións a particulares e empresas por faltas graves ou moi graves tanto en vivenda libre como protexida, incremento que persegue un efecto disuasorio que a normativa anteriormente en vigor non conseguía.

O texto regula outras medidas complementarias ás sancións como a inhabilitación para participar en promocións de vivendas protexidas da Comunidade Autónoma, a descualificación das vivendas, a perda de axudas económicas ou a resolución de contratos de compravenda ou arrendamento. A lei clarifica, ademais, os órganos competentes para impoñer as sancións, reservando ao Consello da Xunta as de contía superior a 600.000 euros. A lei prevé multas que para as infraccións leves poderán acadar entre 300 e 6.000 euros; para as graves, entre 6.001 e 60.000 euros; e para as moi graves, entre 60.001 e 1 millón de euros.

En prol da transparencia, o texto inclúe unha modificación da Lei de administración local, que expresa que os cargos representativos da Administración local non poden valerse do seu cargo de alcalde ou concelleiro en beneficio propio ou de terceiras persoas.

### **Corrección das cooperativas e Observatorio da Vivenda**

Igualmente, nas disposicións adicionais do proxecto establécense unha serie de modificacións na Lei de cooperativas que afectan ao funcionamento das cooperativas como entidades promotoras de vivenda, coa intención de corrixir algunhas prácticas alleas ao espírito do cooperativismo.

A norma recolle, tamén, a creación do *Observatorio da Vivenda*, no cal terán cabida entidades públicas e privadas co obxecto de contribuír ao tratamento estatístico, datos relativos ao sector e tamén de asistencia técnica.

O Goberno galego estima que esta lei estará aprobada polo Parlamento no segundo semestre de 2008 e completa o marco normativo impulsado pola Xunta integrado pola Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, o Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida, as Normas do hábitat galego e o Plan sectorial galego de solo residencial para vivenda protexida.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS BANDEIRAS E ESCUDOS OFICIAIS DE ORDES, FORCAREI, A ILLA DE AROUSA E OS BLANCOS E AS BANDEIRAS DE XUNQUEIRA E FOZ**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais das bandeiras e escudos dos concellos de Ordes, Forcarei, a Illa de Arousa e Os Blancos, así como das bandeiras de Xunqueira e Foz.

Deste xeito, a bandeira de Ordes (A Coruña) está organizada en tres franxas verticais: a primeira en pano de verde cunha torre de amarelo aberta; a do centro, xaquelada de oito escaques de negro e sete de amarelo, e a terceira, en pano de verde con tres flores de lis.

O escudo do concello, xaquelado de tres e cinco ordes de sable e ouro, ten unha bordura de azur con sete flores de lis e seis torres de ouro aclarados de sinople. Ao timbre, coroa real pechada.

Pola súa banda, a bandeira do concello de Forcarei (Pontevedra) organízase en tres franxas horizontais de branco, verde e branco. A de verde, de dobre tamaño, ten trece círculos de amarelo postos, un no centro e doce nos vértices dos dous hexágonos concéntricos imaxinarios. As de branco posúen, á súa vez, senllas franxas horizontais de azul.

No escudo do concello, en campo de azur, hai unha montaña de ouro de tres cumes, terrasada de sinople con dúas faixas ondadas de prata. A montaña está superada de dúas espigas de centeo de ouro en aspa e unha rocha alta de prata no centro, acompañadas dun fuso alto a cada lado. A bordura é de sinople con trece abellas de ouro e o timbrado de coroa real pechada.

A bandeira da Illa de Arousa (Pontevedra) é de pano azul con trece veneras de branco colocadas horizontalmente catro, cinco e catro. Polo que se refire ao seu escudo, este ten, en campo de sinople fileteado de prata, unha ponte moderna de ouro sobre ondas de azur e prata. Sobre a ponte hai un faro de ouro con catro faces de luz, dúas a cada lado. A bordura é de azur con trece veneras de prata e o timbrado de coroa real pechada.

En canto aos símbolos do concello dos Blancos (Ourense), a bandeira en pano verde ten un triángulo de dous terzos de hasta de branco cunha loba de vermello. O seu escudo, en campo de sinople, está entado en punta de prata cargado dunha loba de gules.

### **Bandeiras de Xunqueira e Foz**

Polo que se refire á bandeira do concello de Xunqueira (Ourense), esta ten en pano azul unha banda xaquelada de trece e dúas ordes de branco e de vermello, acompañada dun xunco en cada oco.



Por último, segundo o seu texto, a bandeira de Foz (Lugo) está organizada en tres franxas horizontais de azul, de branco e de verde. A de branco, de dobre tamaño, ten unha fragata de azul coas velas despregadas.



## **A XUNTA AUTORIZA A IMPLANTACIÓN DOS PRIMEIROS TÍTULOS UNIVERSITARIOS ADAPTADOS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR**

- ***Na universidade da Coruña ofertaranse os graos en terapia ocupacional e en socioloxía; na Universidade de Santiago de Compostela en ciencias política e da administración e en matemáticas; e na Universidade de Vigo o grao en belas artes***

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se autoriza a implantación de ensinanzas universitarias oficiais de grao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2008-2009. Así, as universidades galegas ofertarán o vindeiro ano académico un total de 5 novos títulos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, que serán os primeiros que se porán en marcha na Comunidade Autónoma galega.

Deste xeito, o decreto concédelle á Universidade da Coruña a pertinente autorización para a implantación dos estudos conducentes ao título de grao en terapia ocupacional, que se desenvolverán na Facultade de Ciencias da Saúde, situada no Campus da Coruña. Así mesmo, a Facultade de Socioloxía, do mesmo campus, acollerá os estudos conducentes ao título de grao en socioloxía.

Na Universidade de Santiago de Compostela concédese autorización para que na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais se implanten os estudos conducentes ao título de grao en ciencia política e da administración; e para que na Facultade de Matemáticas se oferte o título de grao en matemáticas. As dúas facultades atópanse no campus de Santiago de Compostela.

O decreto autoriza ademais que na Universidade de Vigo, no campus de Pontevedra, se implanten na Facultade de Belas Artes os estudos conducentes ao título de grao en belas artes.

### **Calendario de implantación**

O calendario de implantación destes títulos será o que figura nos plans de estudo verificados polo Consello de Universidades, nos que se establece que o curso 2008-2009 comezarán a funcionar co plan novo de grao, en terapia ocupacional, 1º e 4º cursos; en socioloxía, 1º curso; en ciencia política e da administración, 1º e 2º cursos; en matemáticas, 1º curso; e en belas artes, os catro cursos.

O decreto autoriza a implantación destas ensinanzas, unha vez cumpridos todos os requisitos previos, isto é, tras a proposta dos consellos de Goberno das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, cos informes previos favorables dos consellos sociais respectivos, e logo do informe favorable do Consello Galego de Universidades, e verificados positivamente os plans de estudo polo Consello de Universidades.



O deseño da nova oferta de titulacións e especialidades no Sistema Universitario de Galicia, ademais de perseguir o obxectivo irrenunciábel da transmisión do coñecemento, debe enmarcarse nun sistema máis aberto, diverso e versátil, que permita e favoreza unha mellor adaptabilidade a unha realidade laboral cambiante en exixencias e capacidades que facilite e promova a formación ao longo da vida que demanda a sociedade actual.

Neste sentido, o Consello Galego de Universidades fixou en novembro de 2007 no documento *Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no Sistema Universitario de Galicia* as pautas para o tránsito da situación actual ao novo escenario europeo.



## **A XUNTA APROBA A CREACIÓN EN NIGRÁN DUN CENTRO PARA A ATENCIÓN ESPECÍFICA DE ALUMNADO CON TRASTORNOS DE CONDUCTA**

- ***A capacidade funcional do centro será de 20 alumnos en réxime residencial e contará con tres unidades***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o Centro de Educación Especial (CEE) de Panxón, no Concello de Nigrán, para a atención específica de alumnado con trastornos de conduta. Este centro abordará, de forma integral e coordinada, a educación deste alumnado, a través do desenvolvemento de programas psico-educativos e médicos específicos, en combinación cunha oferta curricular aberta e flexible.

O centro utilizará as instalacións correspondentes á residencia docente do recentemente traspasado Centro Público Integrado (CPI) de Panxón. Este edificio, anexo ás instalacións onde se sitúan as aulas e departamentos do CPI, conta con dormitorios, comedor, aulas, aulas taller, ximnasio e diversos espazos abertos para actividades de contacto coa natureza, e é suficientemente amplo e axeitado para satisfacer as necesidades do novo centro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a acometer unha reforma parcial nestas instalacións, cun investimento de 149.000 euros, para que o centro poida comezar a funcionar o vindeiro curso 2008-2009. O novo centro terá unha capacidade funcional para 20 alumnos en réxime residencial e contará con 3 unidades.

Coa creación do Centro de Educación Especial de Panxón, a Consellería de Educación responde ás necesidades dos alumnos e alumnas que precisan de atencións educativas especiais, ofrecéndolles unha ensinanza comprensiva e aberta á diversidade, segundo os principios de normalización, integración e atención personalizada, nun contorno natural e social apropiado para o seu desenvolvemento educativo.



## **APROBADO O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS TARIFAS DOS SERVIZOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o Decreto polo que se establecen as tarifas dos Servizos Sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas institucións sanitarias públicas, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario.

Os servizos públicos de saúde deben reclamar aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos, e a rehabilitación.

Considérase terceiros obrigados ao pagamento as compañías privadas de saúde naqueles supostos de transporte sanitario urxente de carácter vital cando o paciente, sexa ou non beneficiario da Seguridade Social, subscribise voluntariamente unha póliza con esa compañía.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DENOMINACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova denominación oficial do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña e do Hospital A Coruña, en substitución do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo de Oza e o Hospital Juan Canalejo, respectivamente.

A Consellería de Sanidade considera oportuno proceder ao cambio de designación do centro hospitalario recollendo o nome da cidade e coa finalidade de homoxeneizar as denominacións dos complexos hospitalarios. Ao tempo abandónase unha cualificación non ligada aos valores democráticos introducidos pola Constitución española na liña establecida pola Lei de Memoria Histórica pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, que senta as bases para que os poderes públicos leven a cabo políticas dirixidas ao fomento da memoria democrática.

Este decreto farase efectivo 20 días despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A aprobación desta norma non xera gasto engadido nin require dotacións orzamentarias específicas, por canto as actuacións materiais concretas que requira a aprobación do decreto, se realizará de forma progresiva e con cargo ás dotacións orzamentarios previstas, de tal xeito que os custes que orixinen os cambios se irán asumindo coa reasignación dos créditos orzamentarios ordinarios do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde entende que o cambio de denominación do centro non vai afectar o seu prestixio, posto que o traballo dos seus profesionais seguirá a ser o mesmo e a estar recoñecido internacionalmente. Incorporar á súa denominación oficial o nome da cidade que o acolle non supón máis que oficializar unha práctica habitual en toda a comunidade científica na que xunto ao nome oficial do centro se nomea a cidade que o acolle. A partir de agora, A Coruña estará oficialmente unida ao seu hospital, como sucede na maioría dos centros sanitarios públicos que teñen o nome da cidade que os acolle.





## **O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS COMEZA UNHA NOVA ANDAINA CON MAIOR AUTONOMÍA E PROTAGONISMO DOS AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS**

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se ditan as normas relativas ao funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais, derivadas da entrada en vigor da Lei 5/2008 pola que se regula este organismo***

O Consello Galego de Relacións Laborais comeza unha nova andaina caracterizada por unha maior autonomía e con maior protagonismo dos axentes económicos e sociais. O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se ditan as normas relativas ao funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais, e que dá resposta á aplicación administrativa e operativa da Lei 5/2008 pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.

Coa entrada en vigor deste decreto, o CGRRL pasa a dispoñer de orzamento propio, personalidade xurídica propia e patrimonio. Ademais, este organismo levará as súas actuacións e funcións con plena autonomía funcional para dar maior cumprimento ao seu fin. Esta plena efectividade farase realidade a partir do día 1 de agosto.

Así, coa entrada en vigor deste texto, o CGRRL subrogarase automaticamente na xestión de todos os expedientes administrativos e económicos que viñan tramitándose a través da Consellería de Traballo no ámbito das súa competencias.

A Consellería de Traballo transferirá os fondos orzamentarios precisos ao Consello Galego de Relacións Laborais, que ascenden a preto de 1,3 millóns de euros.



## **A XUNTA INTERPORÁ AO GOBERNO UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA POLA ORDE QUE REGULA AS SUBVENCIÓNS PARA O EMPRENDIMENTO FEMININO DO INSTITUTO DA MULLER**

- ***Entende que vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de asistencia social que lle atribúe o Estatuto***

O Consello da Xunta, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia contra a Resolución do 29 de abril de 2008, do Instituto da Muller dependente do Ministerio de Igualdade, pola que se convocan as subvencións “Emprender en feminino” para fomentar a inserción laboral por conta propia das mulleres. O Goberno galego entende que a resolución mencionada vulnera a repartición competencial establecida pola Constitución e o Estatuto, ao residenciar completamente no Estado un proceso de subvencións en relación a materias, a asistencia social e o desenvolvemento comunitario, que son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, segundo se establece nos artigos 27.23 e 27.24 do Estatuto galego.

A disposición do Instituto da Muller regula non só as condicións e procedemento de concesión das subvencións, senón que tamén lle atribúe ao Estado a totalidade das funcións de execución administrativa como son a xestión, concesión e pagamento das axudas, sen que exista ningún tipo de intervención autonómica prevista en todo o articulado. Neste sentido, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera que o Estado non dispón dun poder subvencional desvinculado do poder competencial, de xeito que o poder de gasto non pode ser autónomo da competencia a que se refire.

Así mesmo, en canto á dimensión territorial dos programas que se poden subvencionar ao abeiro desta disposición, na resolución non existe ningún tipo de prevencións que determinen que só se van financiar programas de necesaria dimensión estatal para a súa eficacia, e non asegura que non se vaian subvencionar actuacións de ámbito infraestatal.

Neste sentido considérase que, nunha orde coma esta, o Estado cando máis podería limitarse a especificar o destino e condicións xenéricas e primarias do outorgamento de subvencións, para inmediatamente deixarlles ás comunidades autónomas a concreción e desenvolvemento do destino das axudas, así como a regulación da súa tramitación e a propia tramitación delas.

Tendo en conta estas consideracións, a Xunta de Galicia acordou realizar o requirimento de incompetencia ao Goberno para que proceda a anular ou derrogar a resolución do Instituto da Muller. O Executivo autonómico entende que debe recoñecerse que a competencia lle corresponde á Comunidade Autónoma, debendo procederse á distribución territorial entre as comunidades da correspondente consignación orzamentaria, transferindo as contías resultantes da dita distribución para que sexan as autonomías as que procedan á configuración e xestión descentralizada delas.



O requirimento de incompetencia a que hoxe deu luz verde o Consello da Xunta ten precedentes noutras dúas liñas de subvencións estatais relacionadas coa asistencia social que, a xuízo do Consello da Xunta de Galicia, mereceron o exercicio da conflitividade institucional.

Trátase da orde TAS/1051/2007, do 18 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado social con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, polo que se presentou un conflito de competencias ante o Tribunal Constitucional que foi admitido a trámite en setembro de 2007; e da Orde TAS/421/08, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións pola Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Minusvalidez, polo que o Consello da Xunta decidiu acudir tamén ao TC.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 285.000 EUROS PARA AS ACTIVIDADES DAS AULAS DA TERCEIRA IDADE**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente para o financiamento das diversas actividades que se desenvolven a través das aulas da terceira idade. Segundo se establece no acordo, a Xunta destinará un total de 285.000 euros para estas aulas, que desenvolven a súa actividade en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Padrón, Ourense, Lugo, Monterroso, Vilalba, Vigo e Pontevedra.

Ao abeiro deste convenio nas aulas da terceira idade desenvolveranse diversas actividades xerais como conferencias, mesas redondas, debates, visitas culturais, proxección de películas, actuacións teatrais e audición de grupos musicais, entre outras. Tamén se realizarán varios seminarios e obradoiros de temática cultural, ocupacional e de saúde, nos cales se abordarán cuestións tan importantes para este colectivo como son a memoria, a autoestima ou as habilidades sociais. Ademais, as aulas da terceira idade ofrecerán aos usuarios e usuarias outros servizos globais, como biblioteca ou espazos para mostras e exposicións.

A través das aulas da terceira idade trátase de dar resposta ás necesidades das persoas maiores, tanto no eido da formación como no relativo ao tempo de lecer. Deste xeito promóvense actividades coas que se favorezan as relacións entre as persoas maiores, evitando os casos de illamento social, e apóstase así polas iniciativas que favorezan o envellecemento activo en Galicia.



## **A XUNTA CONTRIBÚE A FINANCIAR O PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ECONOMÍA DA UNIVERSIDADE DE LA HABANA**

- ***A Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, achega 150.000 euros para a execución desta iniciativa***
- ***As liñas de cooperación que existen entre Galicia e Cuba céntranse, basicamente, na transferencia de tecnoloxía e coñecementos***

O Goberno galego autorizou este xoves a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e a Universidade de La Habana para levar a cabo un *programa de doutoramento en Economía* nesta universidade. A esta finalidade a Xunta de Galicia destinará un total de 150.000 euros.

Os obxectivos deste convenio son cooperar na capacitación e formación de especialistas na área de economía na Universidade de La Habana; ampliar as relacións de intercambio e cooperación entre Galicia e Cuba a través da actividade científica; e promover e impulsar o traballo en materia de cooperación internacional dentro do sector universitario.

### **Transferencia de tecnoloxía e coñecementos**

A cooperación que presta Galicia a Cuba céntrase, basicamente, na transferencia de tecnoloxía e coñecementos, aínda que tamén se apoian proxectos de rehabilitación e habitabilidade na illa.

Cuba é un país prioritario para a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta debido ao vínculo histórico que existe entre Galicia e este país. Así, ao abeiro deste convenio que será asinado proximamente, contribuirase a mellorar as ensinanzas de economía en Cuba, o que redundará, tamén, nunha mellora social.



## **A XUNTA E O INSTITUTO XEOGRÁFICO NACIONAL COLABORAN NA PRODUCCIÓN DA ORTOFOTOGRAFÍA DIXITAL DO TERRITORIO GALEGO**

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Xeográfico Nacional (IGN), dependente do Ministerio de Fomento, para a realización e actualización periódica das ortofotografías dixitais das 2.957.500 hectáreas que comprende o territorio galego, así como na elaboración do modelo dixital de elevacións do terreo asociado a ditas ortofotografías.

Este acordo, que será subscrito proximamente, modifica o contido doutro convenio anterior asinado en 2005, xa que mellora os traballos orixinalmente previstos de ortofotos que se van realizar en Galicia para que os produtos obtidos poidan ser utilizados polo sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC).

Segundo recolle o texto, o Instituto Xeográfico Nacional facilitaralle á Consellería de Política Territorial copia do traballo realizado xa por este organismo dependente de Fomento, e que consiste en material ortofotográfico correspondente a 1.333.360 hectáreas da Comunidade Galega, así como os modelos dixitais de elevacións deses terreos.

A CPTOPT, pola súa parte, encargárase de realizar os traballos correspondentes ás 1.624.140 hectáreas restantes, e que consistirán na realización dos voos fotogramétricos que lle permitirán xerar tanto as ortofotografías dixitais a escala 1:5.000, como os modelos dixitais de elevacións do terreo. Para tal fin, Política Territorial achegará 291.609 euros, mentres que o Instituto Xeográfico financiará os traballos con 179.391 euros.

O obxecto desta colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento na produción das ortofotografías dixitais é obter un único produto válido para dar resposta tanto ás necesidades de ambas as dúas Administracións como á demanda deste tipo de información xeográfica por parte dos cidadáns, optimizando a xestión e os recursos.



## **O GOBERNO GALEGO FINANCIA CON 815.000 EUROS O REMATE DAS OBRAS DO PASEO DE MALECÓN DO BARCO DE VALDEORRAS**

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello do Barco de Valdeorras para rematar as obras de acondicionamento do Paseo do Malecón.

Segundo o convenio, que será asinado proximamente, a Consellería de Política Territorial destinará 815.000 euros (repartidos en dúas anualidades) a esta obra, mentres que o Concello do Barco de Valdeorras se encargará de executala.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos desde o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán. No caso concreto do Paseo do Malecón do Barco de Valdeorras, supón poñer á disposición do público un dos espazos máis importantes da localidade, ao estar vinculado ao río Sil ao seu paso pola vila valdeorresa, porque é precisamente esta zona un importante lugar de lecer e punto de encontro para os veciños e veciñas do Barco de Valdeorras.



## **A XUNTA FINANCIA CON MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA BARCELONA E O SEU CONTORNO, NA CIDADE DA CORUÑA**

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello da Coruña***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes colaborará co Concello da Coruña nas obras de urbanización da rúa Barcelona e o seu contorno.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Consellería e o goberno herculino segundo o cal Política Territorial achegará 2.100.000 euros para financiar os traballos que se executarán na mencionada zona, e que serán acometidos polo Concello.

O obxecto desta rehabilitación é dotar a rúa Barcelona e o seu contorno dunha nova imaxe máis limpa, diáfana e moderna, así como completar ou renovar os servizos urbanos. Baseándose neste concepto, a proposta incidirá basicamente na reordenación do tráfico e o reforzo das zonas peonís, a través da modificación do deseño de calzadas e beirarrúas e co desvío do tráfico de paso por vías alternativas con máis fluidez.

Ademais da rúa Barcelona, o ámbito de actuación terá incidencia naqueles tramos das rúas de Villa de Negreira, Agra do Orzán, Avenida das Conchiñas e Alcalde Lens que cruzan a nivel a rúa Barcelona. Así mesmo, prevese a peonalización da rúa Corcubión e a ampliación da praza.

Este acordo, que será asinado proximamente, obedece aos obxectivos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de acometer melloras nos contornos urbanos, na accesibilidade e na supresión de barreiras arquitectónicas, así como na dotación de equipamentos públicos que teñen como finalidade a revitalización do territorio e acadar o equilibrio territorial.





## **O GOBERNO GALEGO COLABORA CO CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA NA URBANIZACIÓN DA FINCA SEARA**

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Carballeda de Avia para acometer as obras de urbanización da Finca Seara, un espazo que alberga vivendas unifamiliares de protección autonómica e promoción pública.

O Concello de Carballeda de Avia impulsou a actuación urbanística dun sector de solo urbanizable non delimitado coa aprobación do plan de sectorialización da Finca Seara, e subscribiu un convenio urbanístico para incrementar a reserva de solo para vivenda protexida, procurando un desenvolvemento harmónico e integrado na trama urbana existente. Así mesmo, dotábase de equipamentos e servizos necesarios para a poboación actual e fomentaba a construción de vivendas coa finalidade de fixar e atraer poboación.

O obxecto do convenio autorizado hoxe e que será asinado proximamente é o de contribuír ao financiamento das obras de urbanización de vías, zonas verdes e espazos libres públicos. Para tal fin, a CPTOPT achega un importe de 300.000 euros, mentres que o concello de Carballeda de Avia se encargará de executar as obras e achegar, se fose necesario, novas contías económicas para rematar o proxecto de urbanización.

Este convenio enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de levar a cabo actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de dotación de equipamentos públicos que teñen como finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.



## **A XUNTA ACORDA DECLARAR A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DA LIÑA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN SOBRE AS COMUNIDADES DE MONTES DE MAZARICOS E MUROS NA PROVINCIA DA CORUÑA**

- ***A Consellería do Medio Rural declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de instalación da liña eléctrica de alta tensión a 66 KV nos concellos de Mazaricos e Muros na provincia da Coruña sobre a dos montes veciñais en man común desta, promovido por Unión Fenosa Distribución, SA***

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe favorable da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicase o expediente ás comunidades afectadas sen que se efectuasen alegacións. Así, emítese informe favorable da prevalencia de utilidade pública do proxecto sobre o uso propio do monte, cunha superficie de afección de 63.624 m<sup>2</sup> na comunidade de montes de Muros, composta polos montes Manda, Cadaval e Suevos, e de 167.070 m<sup>2</sup> na comunidade de montes de Mazaricos, formada polos montes veciñais en man común de Vistavós, Cornes, Torea, Figueroa, San Xián, Sestaio e Costa Grande, ambas as dúas comunidades na provincia da Coruña.

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo para a aprobación de proxectos de instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento. A Lei do sector eléctrico declara de utilidade pública as instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento.



## **A XUNTA INVISTE 1,6 MILLÓNS DE EUROS EN COFINANCIAR PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS PROMOVIDOS POLOS CONCELLOS GALEGOS**

- *Un total de 35 concellos ou mancomunidades municipais das catro provincias galegas desenvolven programas que na súa maior parte se centran no ámbito educativo*
- *O Consello autoriza unha addenda ao concerto co Hospital Xeral de Beneficiencia Juan Cardona que fixa a actividade deste ano e unha contraprestación de 13 millóns e medio de euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura de convenios entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e un total de 35 concellos ou mancomunidades locais para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias de ámbito local. Nesta iniciativa, a sanidade pública galega inviste un total de 1.661.000 euros, dos cales 1,24 millóns de euros corresponden ao orzamento deste ano e os 417.896 restantes ao ano 2009.

O convenio, que desenvolve o Plan Galicia sobre drogas 2007-2009, convértese no medio para levar a cabo as distintas actividades preventivas nos ámbitos da información e sensibilización educativo, familiar, xuvenil, laboral, comunitario, ademais das actividades de formación ocupacional e preformación e capacitación laboral tendentes á incorporación social de drogodependentes.

Esta cooperación persegue ensinar contidos e actividades axeitadas á prevención de drogas no ámbito educativo (alumnos en xeral e mozas e mozos en risco, en particular), promover a formación permanente do profesorado e a formación e sensibilización da poboación xeral, e coordinar actividades orientadas á formación dos pais.

A maior parte da actividade preventiva aplícase no ámbito educativo, polo que é conveniente establecer a periodicidade das actuacións segundo o calendario escolar. Deste modo, o convenio desenvólvese a dous anos (do 2008 ata xuño do 2009), o que garante a continuidade das accións iniciadas no ámbito educativo.

### **Juan Cardona**

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén autorizou a sinatura dunha cláusula adicional ao concerto asinado en 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol, que xestiona o Hospital Xeral de Beneficiencia Juan Cardona, na cal se fixa a actividade sanitaria para o 2008. A contraprestación económica que o hospital concertado percibirá por estes servizos será dun total de 13.477.887 euros.

A razón fundamental da concertación de servizos co Hospital Juan Cardona é a necesidade de complementar a oferta asistencial do Servizo Galego de Saúde en certas áreas, para servizos de diagnóstico e tratamento na área sanitaria de Ferrol.



## DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS DE COFINANCIAMENTO ENTRE CONCELLOS

Concello/ mancomunidade	Achega 2008	Achega 2009	Total da achega
A Coruña	75.354	26.646	105.000
Santiago	75.000	25.000	100.000
Ferrol	60.000	20.000	80.000
Boqueixón	18.750	6.250	25.000
Ribeira	26.250	8.750	35.000
Fene	26.250	8.750	35.000
Carballo	41.250	13.750	55.000
Noia	26.250	8.750	35.000
Mancomunidade Ordes	30.000	10.000	40.000
Lugo	63.000	22.000	85.000
Sarria	22.500	7.500	30.000
Vilalba	19.000	7.000	26.000
Monforte de Lemos	22.500	7.500	30.000
Ourense	71.000	24.000	95.000
Mancomunidade concellos de Verín	18.000	7.000	25.000
Vigo	82.000	28.000	110.000
Ponteareas	17.250	5.750	23.000
Cangas	33.750	11.250	45.000
Pontevedra	60.000	20.000	80.000
Redondela	30.000	10.000	40.000
Catoira	48.750	16.250	65.000
Ribadeo	22.000	9.000	31.000
Porriño	18.000	7.000	25.000
Tui	19.000	7.000	26.000
Valdeorras	15.000	5.000	20.000
Rianxo	22.500	7.500	30.000
Pontedeume	28.500	9.500	38.000
Marín	22.500	7.500	30.000
Carballiño	18.750	6.250	25.000
Organismo Autónomo de Sanxenxo	26.000	9.000	35.000
O Grove	30.000	10.000	40.000
Mancomunidade concellos Carballiño	16.500	5.500	22.000
Vilagarcía de Arousa	53.000	17.000	70.000
Cuntis	22.500	7.500	30.000
Concellos do Val Miñor	41.000	14.000	55.000
<b>TOTAL</b>	<b>1.243.104</b>	<b>417.896</b>	<b>1.661.000</b>



## **A XUNTA E O INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA COLABORARÁN NUN PROXECTO DE CAPTACIÓN, PREENGORDE E CULTIVO DE VOLANDEIRA E VIEIRA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Pesca e o Instituto Español de Oceanografía para a realización desta iniciativa***
- ***A administración pesqueira galega achegará preto de 140.000 euros, para repartir entre as anualidades de 2008, 2009 e 2010, para a execución das actividades previstas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Instituto Español de Oceanografía (IEO) para a realización do proxecto de investigación “*Captación, preengorde e cultivo de volandeira (Aequipecten) e vieira (Pecten maximus)*”. Para esta iniciativa, a Administración pesqueira galega achegará un total de 138.696 euros, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para repartir entre os anos 2008 (50.432 euros), 2009 (44.792 euros) e 2010 (43.472 euros).

O obxectivo do protocolo que subscribirán a Consellería de Pesca e o IEO é regular as condicións de execución do referido proxecto, que terá como finalidade a produción de semente de volandeira e vieira con colectores fondeados nas rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, mediante a aplicación dos coñecementos e a tecnoloxía desenvolvidos, impulsando o seu cultivo en suspensión e/ou sobre fondo mariño.

Máis concretamente, a captación da semente a través do fondeadura de colectores realizarase en seis puntos das Rías Baixas. Así mesmo, entre as actividades que se van desenvolver atópanse a identificación de predadores segundo a data de fondeadura, a diversificación das técnicas de cultivo en suspensión pola aplicación de novos sistemas ou a análise da resposta dos exemplares ao preengorde en suspensión atendendo á especie e o lugar de cultivo.

Ademais, levarase a cabo o engorde da volandeira en suspensión, controlando o seu crecemento, supervivencia e contido en carne, e procederase a sementar vieira a partir de 30 milímetros, atendendo tamén ao seu crecemento e á súa supervivencia.

Deste xeito, as tarefas do IEO, que serán levadas a cabo por un equipo de investigación adscrito ao Centro Oceanográfico da Coruña, xirarán en torno á coordinación da construción e fondeadura dos colectores, á realización de mostraxes periódicas e á identificación da calidade e cantidade de recheo adecuadas por unidade de cultivo.

Pola súa banda, a Consellería de Pesca, a través do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), encargárase, entre outras actuacións, do cultivo en suspensión da volandeira, do estudo de novos sistemas de engorde e do transporte da semente de vieira desde distintos puntos de orixe, así como das actividades de preengorde desta especie.



Cabe sinalar que o convenio de colaboración establece que as partes se reúnan, polo menos, dúas veces ao ano para analizar os traballos realizados e intercambiar impresións sobre o seu desenvolvemento. A estes encontros poderá asistir o persoal do Instituto Español de Oceanografía e da Consellería de Pesca que se considere oportuno. Ademais, calquera dos asinantes poderá solicitar as xuntanzas que considere necesarias para a boa marcha do protocolo.



## **A XUNTA FINANCIARÁ CON 333.000 EUROS A CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO BIOCLIMÁTICO NO CONCELLO DE AMOEIRO (OURENSE)**

- ***A sinatura do convenio recolle ademais a creación dunha aula da natureza e a rexeneración ambiental do contorno do edificio***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financiará con 333.474,31 euros a construción dun edificio bioclimático e unha aula da natureza no Concello de Amoeiro (Ourense), grazas a un convenio de colaboración entre que autorizou hoxe o consello da Xunta.

A Consellería de Medio Ambiente desembolsará para este fin 110.000 euros neste ano e 223.474,31 en 2009. Desta contía, o edificio acapará 152.616,54 euros, a aula de comprensión da natureza 57.957,77 euros e o arranxo dos arredores 126.900 euros.

O inmovible terá usos múltiples e acollerá a aula da natureza, na cal haberá unha exposición de carácter permanente e información ambiental. O espazo servirá tamén para que os escolares do concello realicen prácticas relacionadas con esta materia.

Ademais, propiciarase a rexeneración ambiental do contorno do edificio, que se localizará nun espazo natural situado na periferia do concello, pero degradado polo abandono de cascallos. Esta actuación paisaxística comprende a creación dunha vía, plantación de céspede e especies autóctonas.

A Consellería asume, por medio do dito acordo, o custo das obras do edificio, agás o proceso de urbanización, e será o concello quen leve a cabo todas as actuacións da execución das obras.

Así mesmo, estas actuacións enmárcanse dentro dunha estratexia global de Amoeiro coa intención de sumarse á rede de concellos sustentables.



## **O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 210.000 EUROS NA DOTACIÓN DE MEDIOS PARA MELLORAR O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS NA SERRA DO BARBANZA (A CORUÑA)**

- ***O acordo, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, implicará a adquisición dun novo camión recolledor de lixo que dará servizo a uns 80.000 habitantes dos concellos de Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Porto do Son, Pontecesures, Rois e Ames***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible achegará 210.000 euros á Mancomunidade da Serra do Barbanza, na provincia da Coruña, para a compra dun camión recolledor-compactador de residuos sólidos urbanos, segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta.

Así, a consellería asumirá o 70 por cento do custo do camión que ofrecerá servizos a unhas 80.000 persoas dos concellos de Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia e Porto do Son, que integran o organismo supramunicipal, así como dos de Pontecesures, Rois e Ames, que teñen un convenio de prestación de servizos coa citada entidade.

A mancomunidade realiza a recollida de residuos sólidos urbanos, selectiva en orixe e transporte ao complexo ambiental da Poza-Servia, en Lousame, e o tratamento por reciclaxe e compostaxe deles.

A subvención estipula a compra dun camión recolledor-compactador, de 18 metros cúbicos de capacidade mínima, e biocompartamentado, así como que a Mancomunidade, creada en 1997 para ofrecer o servizo de recollida de lixo, ten a obriga de manter o investimento durante un mínimo de cinco anos.

O convenio pretende contribuír a solventar a antigüidade e carencia dos medios que actualmente ten a mancomunidade, provocado, entre outros factores, polo aumento de poboación e, polo tanto, dos residuos xerados.





## **A XUNTA SUBVENCIONA CON 210.000 EUROS O SERVIZO VETERINARIO AMBULANTE PARA A ATENCIÓN DOS ANIMAIS ALOXADOS NOS CENTROS DE RECOLLIDA DE GALICIA**

- ***O Consello aproba o convenio entre o departamento autonómico, a Fundación Rof Codina e a Unión de Protectoras de Animais Federadas de Galicia para a prestación deste servizo ata 2010***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, aprobou hoxe o convenio de colaboración coa Fundación Rof Codina para a prestación dun servizo ambulante clínico veterinario para animais aloxados nos centros de recollida, en colaboración tamén coa Unión de Protectoras de Animais Federadas de Galicia.

O obxecto do servizo ambulante clínico veterinario, posto en marcha no ano 2006, é mellorar o benestar dos animais abandonados. Deste xeito, o convenio recolle as actuacións necesarias para a atención dos animais vagabundos ou abandonados e aqueles que estean aloxados nos centros de recollida de Galicia e inscritos no rexistro da consellería. A Fundación Rof Codina, órgano xestor do único Hospital Veterinario Universitario de Galicia da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago, encargárase da prestación do servizo ambulante clínico veterinario nos centros de recollida xestionados polas sociedades protectoras de animais.

O convenio céntrase na asistencia hixiénico-sanitaria dos animais recollidos nos albergues e ofrece os seguintes servizos:

- Asistencia na planificación do control de reprodución.
- Esterilización machos/femias con destino á adopción.
- Outras intervencións cirúrxicas necesarias para solucionar patoloxías que presenten os animais.
- Recollida de mostras de sangue, excrementos ou pelo para realizar analíticas.
- Asistencia na aplicación dos programas de control de parasitos internos e externos, con base nos resultados das analíticas.
- Asistencia no diagnóstico e tratamento de patoloxías físicas e psíquicas xeneralizadas no centro.
- Asistencia veterinaria de xestión e manexo en centros de recollida de animais abandonados en situacións de crise.

O convenio ten un orzamento de 210.000 euros para a cobertura dos medios humanos e materiais e os demais gastos para o funcionamento do servizo ambulante clínico veterinario. O investimento da Consellería de Medio Ambiente realizarase en tres anualidades: a primeira de 80.000 euros no ano 2008, a segunda de 70.000 euros no 2009 e a terceira de 60.000 euros no 2010.



A vixencia do convenio finalizará 31 de decembro de 2010; porén, poderá prorrogarse polo acordo expreso das tres partes.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA**

- ***O Consello tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento deste parque empresarial***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou hoxe o proxecto sectorial e o proxecto de urbanización do parque empresarial da Laracha. O parque empresarial é promovido pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), na cal a Consellería de Vivenda e Solo participa cun 15%.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras, instalacións e servizos previstos co desenvolvemento do parque empresarial, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación.

Esta actuación de solo empresarial desenvolverase sobre unha superficie de 828.041 metros cadrados, dos cales 552.000 serán de uso industrial e terciario, 20.100 para equipamentos, 106.865 de zonas verdes, outros 8.258 para prazas de aparcamento e o resto da superficie irá destinada ao sistema viario do parque.

O ámbito do proxecto sitúase na área próxima da intersección da autovía A-55 (A Coruña-Carballo) e a estrada C-552, ao noroeste da vila da Laracha (A Coruña)

O parque empresarial de Laracha é estratéxico tanto para o desenvolvemento do concello coma para o conxunto da comarca, posto que se atopa situado dentro do que a consellería denomina *área funcional da Coruña en desenvolvemento*, onde a consellería tamén desenvolve outras dúas importantes actuacións en materia de solo produtivo: o parque empresarial de Arteixo, con 1'5 millóns de metros cadrados ampliables a 5 millóns de metros cadrados, e o parque empresarial de Carballo con 1'3 millóns de metros cadrados.



## **O CONSELLO CONSULTIVO RECIBIU EN 2007 UN TOTAL DE 1.137 EXPEDIENTES PARA DITAMINAR**

- ***En relación ás materias sobre as que se solicitou ditame, 52 foron de carácter xeral, 1083 de actuación administrativa e 2 de consultas de disposicións xerais***

O Consello da Xunta foi informado hoxe da Memoria de actividades do Consello Consultivo de Galicia correspondente ao ano 2007. O informe recolle que durante o período comprendido entre xaneiro e decembro de 2007, se solicitou o parecer do Consello Consultivo de Galicia en relación con 1137 expedientes, correspondendo 1135 a ditames preceptivos e 2 a consultas.

En relación ás materias sobre as que se pediu o ditame do Consello, 52 foron de carácter xeral, 1083 de actuación administrativa e 2 foron consultas sobre actuación administrativa ou disposicións xerais.

No que se refire ás procedencias dos 1137 ditames sinálase que 902 proviñeron da Administración autonómica; 233 da Administración local, un da Administración universitaria e un da Administración corporativa.

En relación ás da Administración autonómica, indícase a continuación o cadro detallado dos departamentos que solicitaron ditames:

<b>Administración autonómica</b>	
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	11
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	18
Consellería de Economía e Facenda	2
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	243
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	25
Consellería de Innovación e Industria	3
Consellería do Medio Rural	69
Consellería de Cultura e Deporte	3
Consellería de Sanidade	139
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	363
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	9
Consellería de Traballo	5
Consellería de Vivenda e Solo	12
<b>Total</b>	<b>902</b>

En canto ás conclusións ou sentido final dos ditames, o informe revela que en 914 casos foron favorables, que en 142 foron desfavorables e que 6 están pendentes. Ademais, 73 dos expedientes examinados foron acordos de devolución, un foi devolto e outro rematou noutros termos.



Sínalase, así mesmo, que 5 dos expedientes tramitados fixéronse polo trámite de urxencia, que, como mínimo, acurta á metade o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames. Concretamente, 4 destes expedientes corresponden a proxectos de decretos e un a unha reclamación de responsabilidade patrimonial. Ademais, 14 dos expedientes dos que se emitiu ditame foron aprazados, dos cales 5 se corresponden con proxectos de decreto.

### **Actividade desde 1996 ata 2006**

Este ano realizouse tamén unha nova edición dos ditames emitidos ao longo de 2007, que se distribuíu de forma gratuíta entre entidades públicas e privadas do máis variado ámbito de actuación. O pasado ano, segundo se expresa na memoria, tamén se aprobou a reforma da Lei do Consello Consultivo de Galicia. Así mesmo, na memoria do 2007 aparecen os informes e ditames realizados por este organismo nos últimos 12 anos.

<b>Ano</b>	<b>Número de ditames</b>
1996	110
1997	168
1998	266
1999	332
2000	566
2001	814
2002	819
2003	929
2004	768
2005	921
2006	1001
2007	1137

Cabe lembrar tamén a información publicada na páxina web do Consello Consultivo de Galicia ([www.ccg Galicia.com](http://www.ccg Galicia.com)), posta en marcha en 2002. Esta páxina ofrece a posibilidade de consultar os ditames emitidos desde o ano 1996. Ademais, a páxina web tamén presenta información xeral referida á entidade, á organización, á sede, aos servizos e aos enderezos de interese.